

FIADDEIRO

LETRAS GALEGAS 1999



Roberto Blanco Torres

CEIP DE BELUSO

ÍNDICE

- ❖ EDITORIAL
- ❖ ROBERTO BLANCO TORRES
- ❖ EDUCACIÓN INFANTIL:
 - ◆ CONTO: "A NENA DO SACO"
 - ◆ RECITACIÓNS POPULARES
- ❖ NOMES XEITOSOS GALEGOS
- ❖ DEFINICIÓNS
- ❖ A DERRADEIRA VIAXE
- ❖ BELUSO: DISTRIBUCIÓN AGRÍCOLA-FORESTAL
- ❖ MARISCOS DA RÍA
- ❖ POESÍAS
- ❖ AS NOSAS RECEITAS
- ❖ ENQUISA
- ❖ USO DO GALEGO
- ❖ CONTO: "O LOBO E O ZORRO"
- ❖ AS ÁRBORES DAS NOSAS FRAGAS: O CARBALLO
- ❖ O GALEGO DO MORRAZO
- ❖ O BOTE POLBEIRO
- ❖ A PESCA DO POLBO
- ❖ O POLBO E A SÚA CONDIMENTACIÓN
- ❖ DEPORTES
- ❖ PASATEMPOS

EDITORIAL

Este ano foi moi importante para tódolos alumnos de 6º, porque para o vindeiro curso xa non estaremos neste colexio e botaremos de menos moitas cousas:

O primeiro, ós profesores que sempre nos axudaron cando tiñamos algún problema ou algunha dúbida.


O segundo, ós compañeiros que sempre se portaron moi ben con nós.

Tamén nos gustaría acordarnos do homenaxeado no día das Letra Galegas, Roberto Blanco Torres que, como os outros escritores galegos, nos fai disfrutar cos seus libros.

Cun pouco de pena despedímonos deste colexio, aínda que sabemos que sempre poderemos contar con esas persoas que nos puxeron máis fácil o camiño para poder chegar á ESO.

¡ Gracias a todos !.

Alumnos de 6º.



POEMA DO ALFAREIRO

Ti crès qu-o Mundo está feito
po'ó teu regalo,
e n-él danzas, jogas, vives,
sin pensar n-outra cousa.
Pois non; o Mundo faise,
está facéndose;
il será o que tí queiras i-outros queiran,
e compre non lle furtes teu esforzo.

.....
.....
Roberto Blanco Torres



ROBERTO BLANCO TORRES



VIDA

Roberto Blanco Torres naceu en Cuntis (Pontevedra) o 18 de marzo de 1891. Éra o máis novo de nove irmáns.

Cando só tiña 15 anos emigrou a Cuba, onde xa estaban dous dos seus irmáns.

Alí entablou amizade con intelectuais galegos coma Curros Enríquez, Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte, Basilio Álvarez...


Comezou en Cuba a súa carreira periodística escribindo artigos para varios xornais cubanos.

Mesmo chega a ser o fundador e director de dúas publicacións cubanas: La Alborada (1911) e La Tierra Gallega (1915).

En 1916 deixa Cuba e regresa á súa vila natal. Pouco despois inicia unha vida con continuos cambios de residencia como un dos xornalistas máis fecundos de Galicia. Foi director de El Correo Gallego de Ferrol, e director e xefe de redacción de La República de Ourense. Exerceu de redactor xefe no Galicia, Diario de Vigo, El Pueblo Gallego de Vigo e El País de Pontevedra.

Foi colaborador noutros diarios e revistas de toda Galicia. Tamén chegou a ser un destacado colaborador de varios diarios da capital de España, coma El Sol, El Heraldo de Madrid, El Liberal, Política...

En lingua galega colabora nos xornais e revistas editados íntegramente neste idioma – Nós, A Nosa Terra, Rexurdimento, A Fouce, As Roladas – ligados todos ás Irmandades da Fala.



Casa de Xulia en Amido, A Peroxa.


O amor a Galicia e ás clases populares foron unha constante ó longo da súa traxectoria profesional.

La Zarpa, fundada en xullo de 1921, vai servir de voceiro dos agraristas de toda Galicia. Denuncia as masacres cometidas contra os agrarios. Tanto Basilio Álvarez como Roberto Blanco compaxinaron neste xornal o labor periodístico coa axitación. Abandona a redacción de La Zarpa, en Ourense, onde levaba tres anos, para ocupar en Vigo o posto de redactor xefe do xornal Galicia.

En 1926 cácase na igrexa de Santa María de Vigo con Xulia Sánchez, que residía en Vigo, pero era natural da aldea do Amido, no concello de A Peroxa (Ourense).

En xaneiro de 1932, Casares Quiroga, ministro da II República, nomeao como gobernador civil de Palencia. En xuño do mesmo ano presenta a súa dimisión por discrepancias co partido Alianza Republicana que o acusa de comportamento antidemocrático na represión das mobilizacións obreiras.

En maio de 1936 é nomeado xefe do gabinete de prensa do Ministerio de Gobernación. En xuño do mesmo ano preside en Madrid o mitin pro Estatuto de Galicia onde pronuncia un discurso aludindo á importancia do acto. Ós poucos días regresa á Peroxa, a pasar as vacacións, antes de incorporarse ó seu novo cargo.



O 18 de xullo ten lugar o levantamento militar contra a República. Quere incorporarse ó seu posto de traballo en Madrid, pero os transportes ferroviarios xa estaban cortados e non pode facelo. Ós poucos días é detido na súa casa do Amido (A Peroxa) e conducido á prisión de Ourense e dalí ó cárcere de Celanova.

A comezos de outubro a súa muller Xulia e unha sobriña visitano na prisión e alí asegúranlle que o van poñer en liberdade. O día seguinte, cando volveron a buscalo, os funcionarios dixéronlle que xa o soltaran.

O día catro apareceu o seu cadáver en San Fiz de Gález, no concello de Entrimo (Ourense) con dúas balas na cabeza. O seu corpo foi soterrado nunha foxa común no cemiterio de Gález xunto con outros *paseados*.

"DE ESTO Y DE LO OTRO"
(Ensayos, artículos, glosas)
por
ROBERTO BLANCO TORRES
Editorial NOS En todas las librerías

OBRA

Só publicou dúas obras:

- *Orballo de media noite* (1929)
- *De esto y de lo otro* (1930)

Orballo de media noite é un conxunto de 31 poemas moi variados. Hai composicións filosóficas, de misterio, temas sobre o caciquismo, a emigración, a perda de valores da sociedade, a hipocresía...

Esta obra está estruturada en dúas partes, na primeira abundan os poemas de tipo filosófico-existencial, e na segunda os de contido social.

De esto y de lo otro, trátase dun conxunto de 38 artigos, divididos en dúas partes: *De esto y de lo otro*, vinteseite textos, e *Prosa de lo cotidiano*, doce artigos breves.

Os temas que toca nesta obra son moi variados: política internacional, críticas á monarquía, necesidade da educación en galego...

Traballaba na elaboración doutras dúas obras novas: "Tres discursos á mocidade galega" e "La estrella lejana". A súa morte fixo que estas obras quedasen inéditas.

5° B

O NOVO EMIGRANTE

Bágoas nos ollos
a dor no peito,
deixou o leito
moi de mañán;
dende alá arriba
mirou prá aldea
coa ialma chea
de escuridá.

Un barco negro
con gente istrana,
levouno á Habana
sen sentir ren,
como quen leva
un fardo van
que troca o chan
por outro ben.

Sol e mulatas,
piña e mamei...

Forma na grei
da Sociedá;
entra no Centro
con certo ton;
baila o danzón
na Tropical.


Afina o paso
move a cadeira
dunha maneira
que genio dá
e se a pareja
lle louba, ufana,
a filigrana
do seu compás,
il ponse rufo,
tira para diante
e di pimpante:
-¡Chica, qué vá!

Roberto Blanco Torres




FIADDEIRO

TÍTULO: A MENA DO SACO CONTO
AUTORES: EDUCACIÓN INFANTIL



HABÍA UNHA VEZ UNHA MENA QUE IA Á FONTE TÓDOLOS DÍAS, A ENCHER O PORRÓN DE AUGA. UN DÍA, FOI Á FONTE E QUITOU UNS ZAPATOS NOVOS QUE LLE REGALARAN, PORQUE HABÍA MOITA LAMA. DESPOIS, DEIXOU OLVIDADOS OS ZAPATOS NA FONTE. FOI Á CASA E A SÚA NAI PREGUNTOULLE POR ELAS. VOLTOU ÀS CARREIRAS Á FONTE; CANDO CHEGOU, BUSCOU E BUSCOU, PERO NON OS ATOPOU EN NINGÚN SITIO, E A MENA BOTOUSE A CHORAR.

LOGO, VIU A UN VELLO VAGABUNDO
SENTADO Ó CARÓN DA FONTE QUE LLE
DIXO QUE OS TIÑAN DENTRO DO SACO E
QUE ELA MESMA OS PODERÍA COLLER;
ENTÓN O VELLO EMPURROUVA E
METEU NA DENTRO, BOTOU O SACO Ó
LOMBO E SAIU DA VILA.



A NENA ÍA SALOUCANDO, ENTÓN O
VELLO AMENAZOUNA:
-ENVEZ DECHO RAR TES QUE CANTAR
CANDO EU CHE DIGA: ¡CANTA MEU
SAQUÑO, CANTA SENON DOUCHE COA
PALANCA! E ENTÓN A NENA
CANTABA:




DESPOIS DE MOITO TEMPO POLOS
CAMINOS O VELLO VOLTOU A VILA
DA NENA.

OS VECIÑOS RECOÑECERON A VOZ QUE
SAÍA DO SACO

A NAI DA NENA CONVENCEU O VELLO
PARA IR Á SÚA CASA, DEULLE
DE COMER E UNHA CUNCA DE DURMICEIRA.

O VELLO QUEDOU DURMIDO E APROVEITARON
PARA ABRIR O SACO E SACARON

A NENA.




BUSCARON OS BICHOS MAIS MALOS DA
VILA E BOTÁRONNOS DENTRO.

O JAGABUNDO COLLEU O SACO E
MARCHOU PARA OUTRA VILA E CANDO
FIXO QUE O SACO CANTARA, O
SACO MUDD ALI MESMO ABRIUNO E

OS BICHOS PICÁRONLLE E MORDÉRONLLE.

O HOME DESAPARECEU PARA
SEMPRE.

E COLORÍN COLO RADO...



RECITACIÓNS




POPULARES




SAN SEBASTIAN,
DACA BALO DUN CAN,
O CAN ERA COXO




SARA
GARRIDO
TIROUNO NUN POZO
O POZO ERA FRIO
TIROUNO NUN RIO




MIRIAN
O RIO ERA BRANCO
TIROUNO NUN CAMPO



O CAMPO ERA DURIO
ROMPELLE O BANDULLO
PP CATI




ANGEL



MANUELIN
FOI O VINO



ALDA




ROMPELLE O KERRO
NO CAMINO,



JASO

MAL POLO KERRO
MAL POLO VINO




ALBA

MAL POLO CU
DO MANUELINO

EDUCACIÓN

INFANTIL

5 ANOS (CABALO)



FIADEIRO

NOMES

XEITOSOS

GALEGOS


GALICIA - GALIZA → 25

Santiago - (Dia da Galiza)
Nome do País galego que pode
usarse como feminino nome
de muller




PINDUSA → Nome prerromán

diusa deusa dos montes galegos.




BREOGÁN → 25 Santiago. Xefe celta de Galiza.



BRANDÁN → Brandao. 16 Maio. Santo irlandés. Famoso por unha longa viaxe que deu orixe a lenda de san Brandán como peregrino lexenlario do mundo celta que emigra mar adiante.

SUEVIA → 25 Santiago. Terra dos Suevos que fundaron un reino na Galiza durante varios séculos. Pode ser nome de muller.



LUPA → Nome da ilustre dona galega, propietaria do terreiro onde foi sepultado o Apóstolo Santiago.



BIEITO → Benito. 11 Santiago. Fundou os Benedictinos. Padroeiro de Europa.


1º A.

FIADRO

DEFINICIÓNS

SEGUNDO CURSO

- Está feita de madeira e ferro.
- Serve para cortar madeira.




SERRA

MARTELO



- É de ferro.
- Ten dúas partes: unha redonda e outra que remata en dous dentes.
- Serve para martillar cravos.
- Parece un T xigante.

- O pau é de madeira e a outra parte é de ferro.
- Serve para arrastrar follas.
- Serve para rastrillar a terra.



RASTRILLO

FOUCIÑA



- É de ferro con mango de madeira.
- Serve para cortar herba.

- Serve para sacar patacas e para cavar a terra.



SACHO

- Serven para sacar as puntas ou os cravos.
- Afloxa e apreta os parafusos.
- Serve para desamarrar cousas, como arames.



ALICATES





A DERRADEIRA VIAXE

(Baseado nun conto de Blanco Torres)

Érase unha vez un neno que atopou no faiado do colexio un libro vello desfeito pola polilla e cheo de po. Era un libro de aventuras do que pasa cando un home quere dar a volta ó mundo e de aventuras de cando se loitaba con dragóns de tres cabezas. Tamén contaba viaxes a planetas lonxanos con morcegos de ollos de ouro. Contaba tamén a historia dunha lámpada que, ó fregala, deixaba escapar un xenio calvo.


Día e noite só facía pensar no libro marabilloso que escondía debaixo da almofada. Facía os recados pensando en viaxar a eses países tan misteriosos. Pasaron os anos e non puido da-la volta ó mundo. Un día escapou da casa e o seu pai buscouno no bosque ata que o atopou e deulle unha paliza de morte das que te deixan tremendo e encerrouno no faiado, pechando a porta por fóra.

O neno fíxose vello traballando e aínda seguía pensando en vivi-los sonos do libro. Cada día estaba máis vello e tiña menos forza ata que un día, sen decatarse, sen que ninguén se enterase, sen querer levárono ó cimiterio nunha viaxe moi triste e xa non puido face-la viaxe do seu libro de aventuras nin conseguir tesouros.




NON ME GUSTA:

- facer copias
- que se peleen os touros
- crecer
- as motos
- o arroz negro
- estar ó sol
- a area na roupa
- mete-los currichos
- que morran os meus grilos
- o pescado
- os ratos
- que meu irmán me quite a consola
- que miña nai vaia traballar
- os homes mortos en TV
- os lóstregos
- que os loros chillen
- que me manden ós recados
- durmir soa
- que me sequen o pelo.




GÚSTAME:

- estar ó sol
- a miña familia
- acaricia-lo can
- destripa-los coches
- estar coa miña avoa
- a quentura do gato
- saca-lo leite da vaca
- mollarme os pés
- coller unha ra e abri-lle a barriga
- o sal
- ser capitán da mariña
- ver fotos
- toca-la campá do cura
- meterme co meu curmá.



Segundo curso.



MARISCOS DA RÍA


Con este traballo queremos dar a coñecer os principais mariscos que se dan nesta zona e as mellores maneiras de degustalo.

Todo o mundo sabe que Galicia é a productora dos mellores mariscos do mundo. Esta circunstancia, debida as magníficas cualidades que brindan os nosos mares, fixo, o mesmo tempo, que na nosa comunidade autónoma se concentre un alto consumo e comercio de todo tipo de mariscos.

Entre eles destacan:

A centola, a nécora, o percebe, a ameixa, o berberecho, a vieira, a o mesillón, a navalla e o camarón.


A centola



É un crustáceo decápodo (con dez patas) de caparazón case redondo con velosidades e espiñas. A veda da centola non comeza e remata nas mesmas datas tódolos anos, pero inclúe sempre a tempada do verán. Na pesca da centola empréganse as redes de enmalle.

Cócese durante 20 minutos a ser posible con auga de mar ou, no seu defecto, en auga con sal e unhas folliñas de loureiro.

A nécora




É un carangueso mariño moi exquisito. Ten o corpo cuberto por unha coiraza de forma pentagonal e cinco pares de patas. Vive entre as rochas e pedras do litoral e tamén en zonas de area e lama.

A veda da nécora acostuma coincidir cos seis primeiros meses do ano. A arte máis empregada para captura-la necora é a nasa de nécoras.

Cócese durante 5 minutos en auga de mar se pode ser, e se non en auga con sal e unhas follas de loureiro.

O percebe



É un crustáceo moi apreciado. Vive en grupos e está envolto dun caparazón enrugado que remata nunha especie de pedúnculo carnoso. Acostuma darse nas cavidades rochosas batidas polas ondas do mar, sendo a súa captura moi perigosa.

Prepáranse cocidos con auga de mar ou, se non temos, auga salgada e unha folliña de loureiro.

Cando a auga rompe a ferver, bótanse dentro, contando cinco minutos dende o seguinte fervor e déixanse dentro da cazola ata acada-la temperatura adecuada, pois para degustalos convén que non perdan a calor. Sérvense por eso tapados cun pano.

O camarón


É un crustáceo decápodo de pequeno tamaño, corpo estreito e algo encorvado con antenas moi largas. En fresco a súa cor é pardenta.

É o marisco que maior prezo chega a acadar no mercado.

As principais artes para capturalos son as nasas, o bou de vara e o gañapán.

Estes crustáceos cómense cocidos en auga salgada abundante, botándoos cando ferva e deixándoos cinco minutos a partir do seguinte fervor.

O mexillón



É un molusco lamelibránquio de caparazóns de cor azul-negra. Críase nas mexilloneiras, tamén chamadas bateas. Galicia é unha das maiores produtoras de mexillón do mundo.

O máis habitual é tomalo aberto o vapor. Tamén en salpicón, en vinagreta, empanada, etc.

A ameixa

É un molusco lamelibranquio. Captúranse a pé na zona intermareal removendo a area cuns sachos ou con rastros de vara desde embarcacións. En Galicia existen catro tipos de ameixas diferentes: fina, babosa, rubia e xaponesa.

A ameixa fina é de extraordinaria calidade. Aganta viva fóra da auga máis tempo cas outras ameixas, polo que adquiren un gran valor no mercado xa que o seu ciclo de comercialización pode durar máis. A súa cor é amarelada ou acastañada.

A ameixa babosa ten unha calidade similar a fina, pero non posúe a súa resistencia fóra da auga. A cor da cuncha é crema e gris con manchas.

A ameixa rubia resérvase habitualmente para pratos máis elaborados. A súa cuncha é máis lisa e brillante.

A ameixa xaponesa confúndese coa fina e mesmo coa babosa, pero a cuncha é moito máis enrugosa.

As variedades fina e babosa pódense tomar en cru, condimentadas ou non con limón.


Outras formas de tomalas son: a "mariñeira", con fideos, con fabas, en paella etc.

O berberecho

É outro molusco lamelibranquio, que se recolle a pé, removendo o sedimento con sachos, angazos, raños ou ganchos.

Tómanse crus cunhas pingas de limón. Tamén abertos ó vapor, en empanada, acompañando arroces ou con pratos de peixe.

A vieira



É un molusco gasterópodo cunha cuncha circular e convexa que vive libre nos fondos areentos e pode nadar longos treitos impulsada polos movementos de apertura e peche da súa cuncha.


Captúrase desde embarcacións por medio do denominado rastro de vieiras.

Pódese tomar en empanada ou rebozadas en fariña milla, pero o normal e que se fagan ó forno, na súa cuncha, con cebola, pimento e pan ralado.

O longueirón e a navalla

Son moluscos bivalvos. Diferéncianse en que o longueirón ten a cuncha recta e a navalla tena un pouco curvada.


Tómanse normalmente á plancha, con ou sen limón.



navalla

Iria Rey Boubeta
Sabela

3º B





AS VACACIÓNS DO VERÁN

Cando te ergas verás
os paxariños cantar,
e desde a túa ventá
as arboriñas bailar.

Logo ó cole hai que ir
mentres non den vacacións
para ir correndo á praia
a darnos un chapuzón.


Neste próximo verán
non deixes de disfrutar,
pois logo empeza o cole
e xa temos que estudar.

Ana Menduñña Pastoriza. 5ºB.





POESÍAS



A GUERRA

A guerra non é a solución,
é mellor a conservación.
Na guerra morre a xente,
a xente que é inocente.

Destruíense as súas casas
e a axuda é moi escasa,
teñen que irse do país
perdendo ós seus pais.

Hai moitos vellos e nenos,
moitos morren no intento.
En España hai refuxiados
e debemos axudalos.

Margarita Rey Novas. 5ºB.

OS PAXAROS SON...

Os paxaros son como...,
como os días do ano,
marchan e veñen axiña
no verán e no inverno.
Son fermosos, son bonitos
como as rosas do xardín.

Ábrenlle os paxariños
portas e ventás ó día
coa voz do seu cantar
e coa súa melodía.



Alba Couso Ferreira. 5ºA.

AS ESTACIÓNS

Na primavera hai flores
de moitas formas distintas
e tamén de moitas cores
que parecen mariquiñas.

No verán hai moito sol
por iso imos á praia
e pasámolo moi ben
xogando eu máis María.



No outono e no inverno
caen das árbores follas,
caen e volven caer
que mesmo parecen xoias.

Tara Soage Vidal. 5ºB.


A PAISAXE

No outono ás árbores
cáenlle as follas secas.
As plantas na primavera
florece xunto ás herbas.

No verán quécese moito,
os gorrións cantan ó sol,
buscan a súa comida
e picotean na flor.

As montañas nevadiñas
brillan pola mañá cedo,
a lúa sae de noite
e márchase co sol primeiro.

Manuel Rey Hermelo. 5ºB.



AS NOSAS RECEITAS

VIEIRAS Ó FORNO

INGREDIENTES:

Para 12 vieiras: 4 cebolas, 1/2 litro de aceite de oliva, 2 pementos vermellos, perexil, sal, pimentón dulce, xamón serrano troceado, pan rallado.

PREPARACIÓN:

Unha vez ben limpas as vieiras resérvanse. Mentres, nunha tixola poñemos a dourar no aceite a cebola e o pemento en trozos pequenos. Seguidamente engadímoslle o perexil e o xamón, sazónamos e ó retira-lo do lume incorporámoslle o pementón.

Logo, poñemos unhas culleradas deste rustrido en cada cuncha de vieira, espolvoreamos de pan rallado e as metemos no forno durante 15 minutos.

EMPANADA DE MILLO CON BERBERECHOS

INGREDIENTES:

Para face-la masa: 500 gramos de fariña de millo, 500 gramos de fariña de centeo, 10 gramos de levadura, un vaso de auga, 10 gramos de sal.

Para o recheo: un vaso de aceite de oliva, 5 cebolas, 1 pemento, 1 quilo de berberechos.

PREPARACIÓN:

A MASA:

Mestúranse as fariñas coa levadura, engadímoslle o vaso de auga e a sal. Unha vez ben remexada a masa, déixase repousar tapada para que medre.

O RECHEO:

Lávanse ben os berberechos e resérvanse. Mentres, nunha tixola co aceite de oliva poñemos a dourar as cebolas e o pemento ben picados. Feito isto, estirámo-la masa. Na parte de abaixo botámo-los berberechos co recheo. Logo, tapamos coa parte de arriba e ó forno.

Sara Moital 3º B
Miguel Valladares 3º B

ENQUISA




Enquisa realizada polos alumnos de 4º curso sobre libros de lectura en Beluso e Bueu.

Os alumnos, distribuídos en varios grupos, percorreron a bisbarra para indagar, en seis puntos de venda do contorno (tres deles en Beluso e outros tres en Bueu) da cantidade de libros de lectura que se venderon durante o ano.


Preguntas:

- a) ¿Cantos libros de lectura, aproximadamente, se venderon neste curso?
- b) ¿Cantos destes libros están escritos en galego?
- c) ¿Cantos están en castelán?

O resultado foi o seguinte:




| | Beluso | | | Bueu | | |
|-----------|--------|-----------|----|------|-----|-----|
| Preguntas | 1ª | 2ª | 3ª | 1ª | 2ª | 3ª |
| a | 30 | Bastantes | 10 | 300 | 500 | 500 |
| b | 20 | Bastantes | 3 | 100 | 100 | 100 |
| c | 10 | Bastantes | 7 | 200 | 400 | 400 |



4º Curso

USO DO GALEGO




Enquisa sobre o uso do Galego.

Mostra: os alumnos do 4º curso do CEIP de Beluso.

Preguntas:

1. ¿Na escola falas en galego ou en castelán?
 - falo en galego: 6,25%
 - falo en castelán: 87,5%
 - falo nos dous, indistintamente: 6,25%
2. ¿E cos teus amigos?
 - falo en galego: 6,25%
 - falo en castelán: 87,5%
 - falo nos dous: 6,25%
3. ¿E na túa casa?
 - falo en galego: 56,25%
 - falo en castelán: 43,75%
4. ¿Os libros que les son en galego ou en castelán?
 - leo libros en galego: 18,75%
 - leo libros en castelán: 50%
 - tanto en galego como en castelán: 31,25%
5. ¿Teus pais falan contigo galego ou castelán?
 - falan galego: 37,5%
 - falan castelán: 43,75%
 - indistintamente: 18,75%
6. ¿Os teus pais falan entre eles galego ou castelán?
 - falan galego: 37,5%
 - falan castelán: 50%
 - indistintamente: 12,5%

GRÁFICO CORRESPONDENTE Á ENQUISA SOBRE O USO DO GALEGO



4º Curso

CONTO:

O LOBO E O ZORRO



O que imos narrar sucedeu nun pobo, no interior de Galicia. Era un pobo pequeniño. Un zorro avispado, con pelo brillante, andaba polo bosque buscando algún coello ou algún paxaro e atopouse cun lobo cansado e cheo de fame.

- ¿Qué fas ti, tontarrón? – díxolle o zorro ó lobo.
- Ai, xa non podo máis – exclamou o lobo – levo oito días sen comer. Estou cansado e cheo de fame.
- Anda, parvo, ven comigo.

Camiñando polo bosque, o zorro viu unha casa que parecía que estaba moi lonxe. Dirixíronse cara ela en busca de algo que comer. Cando chegaron á casa, o zorro díxolle ó lobo:

- Ti séntate aquí xunto ó palleiro e non lle ataques a ninguén senón perderemos a amizade.

Entón o zorro deuse conta de que unha fiestra estaba medio aberta e subindo por unha figueira que estaba preto da fiestra, deu un pequeno salto e entrou na casa.

Foi á cociña onde, tapado cun mantel, había uns poucos chourizos e un queixo da Arzúa. Os chourizos ó collelos xa os comeu en dous bocados, case sen mastigar; o queixo levoullo a ensinar ó lobo como se se tratase dun trofeo. O queixo e os chourizos deixáranos os donos da casa para cando voltaran da leira de sementar o millo.

Cando saíu o zorro da casa co queixo, o lobo, que case non abría os ollos coa fame, exclamou:

- ¡Por fin!, xa non morro de fame. Non hai como ter un bo amigo. ¡Veña, comemos!
- Non te poñas nervoso – díxolle o zorro – ti non ves que temos que fuxir a un sitio seguro. Vai ser noite e van chegar os donos do queixo, e paréceme que o home é cazador, porque dentro había unha espingarda colgada nunha parede, así que vámonos correndo.

Cando chegaron a unha carballeira, o lobo chegou de milagro, o zorro díxolle:

- Vamos descansar un pouquiño.

O lobo, cansado e famélico, quedouse durmido. O zorro ó velo durmido, parecía que estaba morto, pensou: “Vou comer o queixo, levo todo o día taballando e penso que merezo comelo”. Así foi. Comeu o queixo, foi mexar e durmir un pouco. Mexou na barriga do durmido lobo.

Ó pouco tempo o lobo despertou con fame e decatouse de que o queixo xa non estaba.

- ¡Zorro, desperta!. ¿Onde está o queixo?
- Eu non sei.
- ¡Coméchelo ti!
- Non, ¡coméchelo ti!, mira como che súa a barriga.

Meus amigos, está claro que o que fai negocios co zorro morre de fame.

Ángel Castro Pousa. 5º A.






As árbores das nosas fragas

A historia da fraga mantén unha estreita relación coa historia do home e a evolución das sociedades humanas. As relacións entre o home e a fraga están en constante mutación. Nun pasado moi lonxano, a explotación da fraga baseábase na recolección de froitos e madeiras e na caza. Posteriormente en etapas sucesivas, o home aumentou a súa demanda sobre as fragas e na actualidade, o desenvolvemento da industria, a moderna agricultura e o alto nivel de tecnoloxía que caracteriza a vida cotián, entrañan unha acentuación da presión exercida sobre as fragas. Se ben é certo que as fragas seguen presentando a función de reservas de madeira, débense suliñar as demais funcións do medio forestal, fundamentalmente para a vida do home.

As fragas son unha importante superficie terrestre e constitúen unha cuberta á vez irregular e diferenciada. O seu efecto sobre o clima reside na súa acción sobre o sentido das correntes aéreas. Elevan o grao de humidade do aire e do solo e incrementan a aparición do orballo, neboa, duración da capa de neve, etc. Ningunha outra cuberta vexetal ten unha capacidade tan grande para reter e modificar as precipitacións como a fraga, crea condicións favorables para a infiltración da auga nas capas profundas do solo e a formación de correntes subterráneas co consiguiente aumento das reservas da capa freática. A transformación do fluxo rápido e perxudicial das augas da chuvia en outro máis lento e regular, constitúe un dos factores hidrolóxicos máis importantes do medio forestal. A acción da fraga, atenúa os desbordamentos, as augas fluen durante un período máis longo o que conleva á regulación das desviacións do nivel dos cursos de auga.

O efecto da fraga sobre o ciclo da auga está en estreita relación co seu papel protector do solo. Tódolos factores que contribúen á infiltración da auga nas capas profundas, protexen ó solo contra a acción erosiva da auga. O rico sistema radicular das árbores xoga un papel primordial na protección do solo: as raíces concentran as partículas de terra e impiden que sexan arrastradas pola auga.

O efecto antierosivo da fraga non se limita únicamente ós lugares que ocupa, senón que se estende ás paraxes colindantes. Nos estamos referindo á erosión eólica.



Unha das funcións da fraga que, ata agora permaneceu un pouco esquecida, é a de servir de refuxio para todo un conxunto de plantas e animais. As poboacións de plantas e animais locais son tan estables que permaneceron sen alteracións durante milenios de presenza humana.


Os efectos beneficiosos da fraga na saúde do home son universalmente coñecidos; se lle reconece a súa función protectora contra o ruído, os fumes e as partículas tóxicas. Estes efectos sentíronse, tamén, no dominio do benestar mental das persoas.

Na maior parte das rexións, as fragas contribúen de maneira importante a permitir unha planificación ecolóxica da concepción da paisaxe, tendo en conta o seu papel climático, protector do solo e da auga e estético. A fraga é, polo tanto, un importante elemento da paisaxe, así como un factor do seu modelado.

Neste número do noso periódico, "Fiadeiro", imos comezar un estudo sobre as árbores das nosas fragas: as características, distribución, xeneralidades e aproveitamento das mesmas, fomentando así o coñecemento das árbores, porque entendemos que é difícil amar o que non se coñece.



O carballo (*Quercus robur*)



O xenero (*Quercus*) procede do nome romano desta árbore e a especie, do nome dado polos romanos a certas árbores de madeira dura.






Árbore caducifolia de folla plana e lento crecemento, o carballo configura co seu grande porte e as súas variacións cromáticas estacionais a paisaxe galega máis fermosa ; a miúdo alcanza os 45 metros de altura, a súa copa é ampla con ramas moi estendidas, retorcidas e macizas. O seu tronco é moi ramificado, polo que se perde antes da metade da copa, bastante nudoso e irregular. A casca é gris, fisurada en placas verticais. As follas son de 10 a 12 cm de lonxitude, con 5 – 7 lóbulos pouco marcados e non exactamente opostos, polo que no sue conxunto presenta un aspecto lixeiramente irregular; verde brillante no haz e glaucas no envés. Presentan con certa frecuencia bugallos (ricos en taninos) producidos por certos insectos. As frores masculinas en amentos colgantes, con 5 – 7 sépalos e ata 10 estambres, e as femininas en grupos de 1 – 3, rara vez 5, rodeadas por unha cuberta escamosa, frorece nos meses de maio e xuño e tarda moito en florecer, ata trinta anos. O froito (a landra) é en glande, oblongo, de 1 – 2 cm, sobre un pedúnculo de 4 –6 cm de lonxitude e con cúpula escamosa.

Esta árbore que se cría nas fragas de toda Europa, é común en toda Galicia onde ocupa o 1% da superficie forestal, preferindo alturas menores de 800 m. Hai exemplares de ata 2 m de diámetro, como é o caso do de Antas de Ulla. Pode alcanzar mil anos de idade e, en Alemania, o carballo máis vello que se encontrou rondaba os mil catrocentos anos.

O carballo é moi apreciado pola súa madeira, de cor parda e gran calidade, moi utilizada na construción naval e de vías férreas, en carpintería, ebanistería, tonelería, etc., o que orixinou as cortas indiscriminadas doutras épocas. As especies máis abundantes en Galicia son o carballo común, de folla caduca, e o cerquiño ou carballo mouro, de folla case perenne.

Nuria Fiel, Clara M^a González e Adrián Iglesias. 5^o A





Árbore caducifolia de folla plana e lento crecemento, o carballo configura co seu grande porte e as súas variacións cromáticas estacionais a paisaxe galega máis fermosa ; a miúdo alcanza os 45 metros de altura, a súa copa é ampla con ramas moi estendidas, retorcidas e macizas. O seu tronco é moi ramificado, polo que se perde antes da metade da copa, bastante nudoso e irregular. A casca é gris, fisurada en placas verticais. As follas son de 10 a 12 cm de lonxitude, con 5 – 7 lóbulos pouco marcados e non exactamente opostos, polo que no sue conxunto presenta un aspecto lixeiramente irregular; verde brillante no haz e glaucas no envés. Presentan con certa frecuencia bugallos (ricos en taninos) producidos por certos insectos. As frores masculinas en amentos colgantes, con 5 – 7 sépalos e ata 10 estambres, e as femininas en grupos de 1 – 3, rara vez 5, rodeadas por unha cuberta escamosa, frorece nos meses de maio e xuño e tarda moito en florecer, ata trinta anos. O froito (a landra) é en glande, oblongo, de 1 – 2 cm, sobre un pedúnculo de 4 –6 cm de lonxitude e con cúpula escamosa.

Esta árbore que se cría nas fragas de toda Europa, é común en toda Galicia onde ocupa o 1% da superficie forestal, preferindo alturas menores de 800 m. Hai exemplares de ata 2 m de diámetro, como é o caso do de Antas de Ulla. Pode alcanzar mil anos de idade e, en Alemania, o carballo máis vello que se encontrou rondaba os mil catrocentos anos.

O carballo é moi apreciado pola súa madeira, de cor parda e gran calidade, moi utilizada na construción naval e de vías férreas, en carpintería, ebanistería, tonelería, etc., o que orixinou as cortas indiscriminadas doutras épocas. As especies máis abundantes en Galicia son o carballo común, de folla caduca, e o cerquiño ou carballo mouro, de folla case perenne.

Nuria Fiel, Clara M^a González e Adrián Iglesias. 5º A



O GALEGO DO MORRAZO

No ano 1982, o Instituto Galego da Lingua e a Real Academia Galega publicaron a Normativa do uso do galego pola que se regula a gramática de dito idioma, tanto de forma escrita como falada.

DIALECTO: Modalidade dunha lingua falada nun determinado territorio.


O galego, coma outras moitas linguas non está libre da existencia de distintas formas dialectais no territorio do seu dominio.

Para poder estudar estas distintas formas imos dividir Galicia en tres bloques diferenciados, estes bloques en áreas e estas en subáreas con características propias.

BLOQUE OCCIDENTAL (I): Área Bergantiña (A), Área Fisterra (B) e Área Pontevedresa (C).

BLOQUE CENTRAL (II): Área Minoñense (D), Área Lucu-Ourense (E), Área Central de Transición (F) e Área Oriental de Transición (G).

BLOQUE ORIENTAL (III): Área Asturiana (H), Área Ancaresa (I), Área Zamorana (L) e Área Oriental Central (M).




A ÁREA PONTEVEDRESA

A Área Pontevedresa (C) divídese en dúas subáreas que son: Subárea do Ulla-Umia (C-1) e Subárea do Verdugo-Miño (C-2).

A Subárea do Verdugo-Miño (C-2) divídese en dúas zonas: a do Verdugo e a do Miño.

A zona do Verdugo ten dúas partes diferenciadas: a Redondela-Mondariz (C-2 a) e a Morrazo-Fragoso (C-2 b).



CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DA FALA DO GALEGO NO MORRAZO

A zona do Morrazo, ó formar parte do Bloque Occidental, ten tódalas súas características na fala do galego, e estas son:

- Uso da gheada: este é un son parecido ó *h* inglés ou ó *j* castelá (amigho por amigo; ghato por gato,...).
- Seseo: (cosiña por cociña, segho por cego, casar por cazar, rapas por rapaz, lus por luz, des por dez,...)
- Uso do *n* intermedio de palabra: (monllo por mollo, esquencer por esquecer, tendes por tedes, vindes por vides,...).
- Terminación *-án* sen distinción de xénero (meu irmán, miña irmán,...).
- Plural *-ns* (cans, ladróns, xardíns,...)
- Uso da forma *ti* como pronome suxeito.
- Formas verbais: colleches, vendestes, por colliches, vendiches.
- Forma verbal cantín por cantei.

Imos ve-las características da Área Pontevedresa que a diferencian das outras áreas do Bloque Occidental:

- a) Formas avó, mo, por avoa, moa.
- b) Verbo caír por caer.
- c) No imperfecto de indicativo do verbo ir, uso de ia, ias por iba, ibas.
- d) Formas verbais huben por houben, supen por soupen.
- e) No verbo traer, uso de trui- por trou-
- f) Uso do verbo cheirar por ulir.

Dentro da Área Pontevedresa diferenciamos dúas subáreas: a Ulla-Umia e a Verdugo-Miño.

Os fenómenos que caracterizan a subárea Verdugo-Miño fronte á subárea Ulla-Umia son as seguintes:


- 1) Uso do ditongo *ui* por *oi* (muito, truita, por moito, troita).
- 2) Uso dos demostrativos este, esta, isto por este, esta, esto).
- 3) Formas verbais con terminación *eu* pola terminación *iu* (colleu, vendeu por colliu, vendiu).
- 4) Forma *deu*, do verbo dar, por *dou*.
- 5) Uso do verbo *pór* polo verbo *poñer*.
- 6) Verbo *mirar* polo verbo *ver*.

A zona Morrazo-Fragoso ten como diferencias máis notables as seguintes:

- 1) Ceceo minoritario (zaber, nozo, por saber, noso). Esta característica é propia de Cela (Bueu).
- 2) Substitución do *x* por *s* (sa, hose, coso, por xa, hoxe, coxo). Cambio do *s* final por *x* (casax, Cangax, por casas, Cangas)
- 3) Na illa de Ons aparece a transformación *-nc-* pola *-ng-* (Domingo por Domingo).

EXEMPLOS

- Gheada G.N. Meu amigo garda o gato no garaxe
Gheada. Meu amigho gharda o ghato no gharaxe.
- Seseo G.N. Meu veciño puxo a luz na cociña para facer a cea
Seseo. Meu vesião puxo a lus na cosiña para faser a sea.
- Uso do *n* intermedio de palabra
G.N. Esqueceume o mollo de palla
n. Esquenceume o monllo de palla.
- G.N. Á miña avoa dóelle unha moa
Á miña avó dóelle unha mo.
- G.N. Baixa do valo que vas caer
Baixa do valo que vas caír.
- G.N. Vai moito ó río para pescar troitas
Vai moito ó río para pescar truitas.
- G.N. Leva isto para a casa
Leva isto para a casa.
- G.N. Poñemos as plantas na mesa
Pomos as plantas na mesa.
- G.N. Vou a ver o partido este domingo
Vou mirar o partido este domingo.





6° A

O BOTE POLBEIRO

Como o seu nome indica esta embarcación, prácticamente desaparecida, era utilizada na pesca do polbo. Abundaba nos portos de Bueu e Beluso. Era un bote de dúas proas, moi panzudo, coa particularidade de ter unha gran manga en relación coa súa eslora, que o facía moi estable. Todos tiñan un tercio de cubierta e moitos un viveiro no centro. A eslora do bote polbeiro variaba entre 3'5 e 6 metros.

Usaba como medio de propulsión remos, de dúas pezas e pala curva que se cruzaban para remar, semellantes ós dunha dorna, e unha vela que nos primeiros tempos era latina pero ó cabo dos anos foi cambiada por unha vela mística de grandes dimensións.



A maioría das veces estaban construídos de madeira de pino e roble. Era unha embarcación tripulada por un ou dous homes.

Unha copia desta peza de museo foi construída recentemente por unha das Asociacións Culturais do Concello e tamén existen estudos desta embarcación realizados por particulares interesados na recuperación de embarcacións tradicionais.

A nós gustaríanos ver, nun futuro próximo, regatas destas fermosas embarcacións navegando pola Ría, como as que se celebran en algúns pobos veciños da costa galega.

A PESCA DO POLBO

Na zona de Beluso e Bueu este tipo de pesca é moi importante, tanto no presente como o foi no pasado. Son moitos os aparellos que se utilizan para pesca-lo polbo e estes son algúns dos máis coñecidos:

NASAS DO POLBO.

Este tipo de nasa utilízase en Galicia dende fai poucos anos. Son de estrutura metálica ou de madeira. Na maioría dos casos teñen forma de pirámide truncada, aínda que tamén as hai rectangulares, circulares, etc..



O seu esqueleto está recuberto totalmente, excepto pola parte superior que está aberta, por rede de fibra sintética. Súa malla ten unha lonxitude de entre 40 e 45 mm., cousa que facilita que o polbo meta os brazos por elas ó intentar comer o isco, permanecendo abrazado.

Con estas nasas trabállase en fondos areosos próximos a fondos de pedras ou algas. A profundidade de traballo adoita ser de 5 a 30 brazas. Cébanse con xurelo, sardiña ou rincha.

LIÑAS PARA O POLBO:

Raña.

É unha arte que se usa dende hai moito tempo na pesca do polbo. Trabállase con ela dende pequenas embarcacións ó longo de todo o ano. Está formada por uns aramios que rematan en ganchos, cruzados sobre unha pedra á que se lle ata un pateixo. O polbo, ó ver que se move, vai por el, e entón o pescador tira da raña e mete o polbo á bordo.

Cotelo.

Utilízase para pescar polbos polas proximidades de zonas rochosas do fondo, xa que a carencia de ganchos dá maior seguridade de non enganchar. O cangrexo vai engançado por medio dunha goma elástica.



Garabeta.

Consiste nun seixo amarrado a unha liña. Na parte superior do seixo amarrase un cangrexo e as veces, o lado, un cacho de peixe de carne dura. Cando o pescador sente a presión do polbo na liña, hala a mesma con velocidade e sen pausa para capturalo.

Gramalleira.

O uso deste sistema en Galicia é recente. Considérase orixinario de Xapón. O material empregado é moi barato e o resultado, excelente. Consiste en poñer no fondo do mar unha serie de recipientes de lata abertos por un só lado que servirán de casa para o polbo. Polo fondo la lata practícanse uns buratos para que a lata afunda. Non se lle coloca isco. O normal é non utilizar menos de 300 latas. Estes palangres utilízanse para pescar en fondos sobre todo de area.

Rosalía M., Beatriz P., Nébeda P., Alicia P. e Lorena V. 6º B

O POLBO E A SÚA CONDIMENTACIÓN

O POLBO.


O polbo é un molusco cefalópodo de color grisáceo con manchas de diferentes tonalidades que de ordinario vive en fondos rochosos, aínda que algunhas veces tamén o fai en zonas próximas á superficie.

Ten oito brazos e normalmente, a especie común dos mares de España, non pasa dos 2 metros de lonxitude entre extremos dos tentáculos. Os brazos están provistos na súa cara interna dunha dobre fila de ventosas que utiliza para apegarse ás rochas e capturar ás presas.

É moi voraz e aliméntase de crustáceos, moluscos e pequenos peixes.

Reprodúcese por ovos colocados dentro de cápsulas ovaladas que son fixadas nos ocos das rochas. Cada cápsula contén ata 1.000 ovos e cada femia pode

producir durante a estación de posta de 40 a 50 destas cápsulas.




Este molusco ten unha gran importancia industrial para a pesca de baixura e de arrastre e é moi apreciado por ser unha especie comestible de extraordinario sabor.

ALGUNHAS FORMAS DE PREPARALO

Polbo estilo feira.

O primeiro que hai que facer para unha boa preparación é mazalo debidamente; uns 60 golpes ós grandes e a metade ós pequenos.



É mellor batelos contra unha pedra ou outra base dura para que non se desprendan as ventosas. En lugar da paliza, hai quen aconsella poñer o polbo nunha tarteira con un ou dous dedos de auga limpa de mar e de forma que se vaia cocendo co zume que vai soltando; ó cabo de 20 ou 30 minutos sácase do recipiente de auga fervendo e bótase inmediatamente noutro de auga fría.

Para servilo córtase en pequenos cachos ós que se lle bota abundante aceite, pemento picante e sal grosa a gusto de cada un.


Polbo á maneira galega.

Ablandándose o polbo cuidadosamente de maneira que os golpes sexan ben repartidos por todo o corpo. Dáselle volta á bolsa da cabeza, cóllese polos bordes da mesma e métese nunha tarteira de auga fervendo con tentáculos cara ó fondo. Logo seguirá fervendo durante 20 minutos aproximadamente. Despois retírase a tarteira do lume vivo, pero só para que deixe de

ferver, deixándoo así durante 1 hora, para que ablande máis.

Por último bótase nunha salseira abundante aceite do mellor, ó que se lle mezcla pemento dulce, cunha boa parte de picante.

Logo, cando vaia a ser levado á mesa, córtase o polbo en anacos e bótaselle esta salsa.



MÚSICA

CANCIÓNS NA ESCOLA



Dentro da programación das actividades do Curso no Colexio, na Aula de Música contéplase a elaboración de cancións sinxelas que sirvan, por un lado para poñer en práctica os coñecementos adquiridos e, por outro para incitar aos nenos a facer un exercicio creativo que potencie a súa imaxinación. Estas cancións, ademais, son susceptibles de ser interpretadas, tanto con voz, como con instrumentos que se utilizan na aula (fautas, xilófonos, claves, etc.).

O proceso de elaboración foi da maneira seguinte:

Entre os autores buscaron un tema ao gusto de todos, e construíron as frases que constituirán os versos da estrofa.

Buscouse un ritmo que se adaptase aos versos elexidos e fanse as correccións precisas.

Axudados dunha frauta, vaise compoñendo a melodía con notas da escala, neste caso, de "do maior".

Por último transcríbese o traballo ao pentagrama.


De esta maneira tan sinxela, os rapaces compuxeron as cancións que aquí presentamos.

Un desexo: Que este traballiño sirva para encende-la chispa da composición, e para que aqueles que non se atrevían, vexan que non é tan difícil, que se pode facer.

TERCEIRO NIVEL

Título: "A Praia"

Letra e música: Abel, Aida, David, Miguel, de 3º A.




A musical staff in treble clef with a 2/4 time signature. The melody consists of quarter and eighth notes. Below the staff, the lyrics are written in a stylized font: A PRAIA CON-CHO-SA TEN MOI-TAS CUN-CHAS.

Título: "O Paxaro e a Lúa"

Letra e música: Fran, Gabriel, Sabela, Sara, de 3º B.

A musical staff in treble clef with a 2/4 time signature. The melody consists of quarter and eighth notes. Below the staff, the lyrics are written in a stylized font: BAI-XO-A LU-A HAI PA-XA-ROS. BAI-XO-A BAI-XO-A LU-A VI-VEN NE-NOS. BAI-XO-A.

A musical staff in treble clef with a 2/4 time signature. The melody consists of quarter and eighth notes. Below the staff, the lyrics are written in a stylized font: LU-A NA-CE-RAN LU-A CAN-TA-RAN.




FIADREIRO

QUINTO NIVEL

Título: "O Inverno"

Música e letra: Alumnos de 5ºB



Musical notation for "O Inverno" (5th level). The melody is written on a single staff in 2/4 time. The lyrics are:

XA CHE-GÓU VA MOS.A BRI GAR-NOS NO-HAI CA LOR,
A-COU-GA, IR SEN O PA-RD-GUAS NON PO-DRÁS

Sen título

Letra e música: Alumnos de 5ºA e 5ºB

Musical notation for a piece without a title (5th level). The melody is written on a single staff in 2/4 time. The lyrics are:

CAN-DO CO-RRO PO-LA CA-RRE - TE - RD-EN CON-TR-AMI-NÁA-BO-A
VAI EN CO-CHE CO-SI-A-TRO-PE-LLA A MI-NÁ CA-DE-LA

SEXTO NIVEL

TÍTULO: "Meu Amigo"

Música e letra : Alumnos de 6ºA

Musical notation for "Meu Amigo" (6th level). The melody is written on a single staff in 2/4 time, with first and second endings and a double bar line. The lyrics are:

SEM-PRES-TOVA QUI SO-ÍD TRIS-TE SEN NIN-GUNA-MI-GO
QUE ME QUEI-RA DAR A - MIS-TA - DE E SE-CU-RI - DA.
HO-JE SON FE-LIZ A-TO PEI-ND CHÁ MA SE XO-SE
XA TO-PEI CON QUEM FA-CER XO-GOS VOU-ME A DIVER-TIR

Título: "El Verano"

Letra e música: Alumnos de 6ºB

Musical notation for "El Verano" (6th level). The melody is written on a single staff in 2/4 time, with first and second endings and a double bar line. The lyrics are:

LA LU-NA SE ES-CO-N-DE TRIS-TE YA CO-HIEMZA EL DI-A
EL SOL CALIEN-TO MU-CHO, BR-IA SUEVAU-NA CON-CIEN


2º LUEGO VUELVE LA NOCHE,


SALE LA LUNA CONTENTA
DESPUÉS SE QUEDARÁ DORMIDA
BAILANDO ESTE SON.

3º CANTAMOS LA CANCIÓN CONTENTOS

YA LLEGA EL VERANO

LAS NOCHES LAREAS Y CALIENTES
NOS HACEN SONAR.





DEPORTES

FUTBITO E BALONMÁN

Ó longo do presente curso realizáronse, no horario de recreo, competicións deportivas de futbito e balonmán en categorías masculino e feminino. Noraboa ós equipos gañadores, que foron os seguintes:

BALONMAN NENAS

4ºA

IRENE ALVAREZ GIL
SARA DURAN CERVIÑO
AIDA FERNANDEZ OTERO
ANGELA FERNANDEZ PEREZ
VANESA MARTINEZ RODRIGUEZ
ANTIA MILLAN TORRES

6ºA

MARIA CANOSA COSTAS
ESTEFANIA CORDEIRO BRION
GLORIA GONZALEZ MALVIDO
ROSA Mª IGLESIAS REGUEIRA
SANDRA LOPEZ FERRADAS
BARBARA LOPEZ GONZALEZ
SILVIA MARTINEZ CANOSA

BALONMAN NENOS

6ºB

HECTOR MENDUIÑA HERMELO
JAVIER OTERO MATILLA
YONATAN OTERO RIAL
LLOEL NANUEL OTERO RIAL
PABLO PASTORIZA RIOS
JAVIER REIRIZ PIÑEIRO
MOISES VILARIÑO CORRALES

FUTBITO NENAS

6ºA

MARIA CANOSA COSTAS
ESTEFANIA CORDEIRO BRION
GLORIA GONZALEZ MALVIDO
ROSA Mª IGLESIAS REGUEIRA
SANDRA LOPEZ FERRADAS
BARBARA LOPEZ GONZALEZ
SILVIA MARTINEZ CANOSA

FUTBITO NENOS

4º(A-B)

FRANCISCO CHAMADOIRA MOLANES
BORJA CURRA FONTAN
MIGUEL ESTEVEZ MONTEJANO
ESTEBAN FERRADAS LORENZO
LUCAS HERBELLO PIÑEIRO
HUGO MALVAR ALVAREZ
JAVIER MARIN OTERO
MIGUEL CORDEIRO CERVIÑO
MANUEL PEDROUSO GONZALEZ
FRANCISCO PIÑEIRO LOPEZ

5ºA

IVAN FANDIÑO GARCIA
JHONATTAN GLEZ MARTINEZ
JULIO GRAÑA SANTOS
ADRIAN IGLESIAS AGULLA

CROSS - BELUSO

O pasado día 14 de marzo celebrouse o XIX CROSS-BELUSO, como un acto máis dentro da XII Semana Cultural. Houbo unha participación de arredor de 1.200 atletas.

A continuación vemos a clasificación dos alumnos do noso colexio nas distintas categorías:

CLASIFICACION DO CROSS-BELUSO-99.

NENOS DE 3 ANOS

1. Elsa Duarte.
2. Pablo Reiriz.
3. Judit Cerviño.
4. Alexandra Martinez.
5. Adrián Baqueiro.
6. Patricia Comedeiro.
7. Sergio Torres.
8. Jesús Parceró.
9. Raúl Vidal.
10. Mónica Malvido.

NENOS DE 4 ANOS

1. Marta de la Torre.
2. Simón Acuña.
3. María Corredoira.
4. Raquel Iglesias.
5. Miriam Seijas.
6. Moisés Soliño.
7. Jasón Díaz.
8. Mauro Álvarez.
9. Paula Ogando.
10. Sara Gómez.

NENOS DE 5 ANOS

1. Soraya Barreiro.
2. Nuria Otero.
3. Ángel Lago.
4. Adrián Davila.
5. Miriam Parada.
6. José I. Troncoso.
7. José M. García.
8. Jorge Carrera.
9. Laura Díaz.
10. Nerea Rosal.

MINIBENXAMÍN MASC.

2. Adrián Moares.
7. Carlos Ferradás.
10. Abraham Parada.

MINIBENXAMÍN FEM.

7. Mónica Porto.
10. Sheila Bernárdez.

BENXAMÍN MASC.

9. Miguel Estévez.

BENXAMÍN FEM.

4. Ángela Fernández.
8. Yanira Barreiro.
10. Ángela Otero.

ALEVÍN MASC.

2. Pablo Pastoriza.
5. Javier Reiriz.

ALEVÍN FEM.

9. Silvia Martínez.
10. Nébeda Piñeiro.



PING - PONG

Dentro dos Xogos Escolares, organizados pola Xunta de Galicia, os equipos **Alevín Masculino e Feminino de Ping-Pong** do noso colexio clasificáronse para xogar a **final provincial** deste deporte, que terá lugar o vindeiro sábado, día **15 de maio**, no Colexio nº 1 da localidade de Tui.

Os equipos están integrados por:

ALEVÍN MASCULINO

- Héctor Menduiña Hermelo
- Adrián Iglesias Agulla
- David Iglesias Agulla.


ALEVÍN FEMININO

- Estefanía Cordeiro Brión
- María Canosa Costas



FIADREIRO

Enxerucillado





PASATEMPOS

1. España está dividida en 17 ...
2. Continente ó que pertence Galicia.
3. Mares moi extensos.
4. Galicia está no hemisferio ...
5. Onde habitan os americanos.
6. Continente máis extenso.
7. Océano que baña as costas europeas.
8. Grande extensión de terra.

XEROGLÍFICOS


Tomando a primeira sílaba de cada un destes debuxos ou letras poderás reconstruí-lo nome da única estación invernal de Galicia.




Invadían e saqueaban as costas galegas na Idade Media:

Os

NOR



Se colocas correctamente a primeira sílaba de cada un destes debuxos obterá-lo nome dun concello da provincia de Pontevedra, capital da arte rupestre galega.



Adiviñas

É un bicho moi valente,
mais ó quedar durmido
déixase ir pola corrente.
(O camarón.)

Francisco Piñeiro 4º A.

«É longo coma un camiño,
e vai fozando coma
un cochiño».

(O R O I)

FIADRO

LETRAS



CALLEGAS

MAIO

1999